

## REinventar as túas vacacións de verán

**Ano:** 2020

Deixamos atrás meses moi duros e abordamos un verán que, probablemente, será diferente para moitos de nós, pero non por iso menos motivador e menos ilusionante.

Gocemos dos tesouros naturais da nosa terra, Galicia, saboreemos a súa gastronomía e aproveitemos os días de asueto para estar cos nosos. Iso si, non baixemos a garda, nin no plano sanitario nin no medioambiental.

- 1.- Respecta as recomendacións e normas ditas polas autoridades en cada momento.
- 2.- Consume de forma responsable e valora a necesidade das túas compras.
- 3.- Un picnic no campo? Estupendo, pero sen deixar rastro. Mellor con pratos e cubertos reutilizables. Descarta os plásticos de usar e tirar.
- 4.- Mantén firme o compromiso coa reciclaxe. Separa os residuos en orixe e introduce cada material no contedor correspondente para que poida ser convertido nun novo recurso.
- 5.- Recorda: os envases de plástico, as latas e os briks, ao contedor amarelo; os envases de vidro, ao iglú verde; o papel e cartón, ao azul; e a fracción resto, ao contedor verde xenérico.
- 6.- Que na praia ou a montaña non hai papeleiras nin contedores? Gardemos nunha bolsa os nosos refugallo ata que atopemos o lugar axeitado no que depositalos.
- 7.- Nada ao chan. Colabora para manter as rúas limpas, por respecto ao persoal de limpeza, ao resto dos transeúntes e, por suposto, ao medio ambiente.
- 8.- Olo cos novos residuos: máscaras e luvas desbotables. O seu contedor é o verde convencional, non o amarelo nin calquera outro de recollida selectiva.
- 9.- Móvete: camiña, corre, desprázate en bicicleta ou practica o teu deporte favorito.
- 10.- Prioriza o transporte público en detrimento do privado. Contribuirás a aforrar emisións de CO2 á atmosfera.
- 11.- Come san e saudable. Mellor produtos locais e de tempada. En definitiva, do noso. Evita o desperdicio alimentario. Tirar comida ao lixo ten negativas consecuencias para a contorna e a túa economía, ademais de ser un xesto inmoral.
- 12.- Evita os artigos sobreenvasados e rexeita as bolsas plásticas dun só uso. Leva sempre contigo a túa bolsa reutilizable.
- 13.- Aproveita para facer turismo de interior e contribuír á economía da nosa comunidade e país. Temos unha gran riqueza monumental e paisaxística, e moitos recunchos por descubrir.
- 14.- Que non decaia o espírito solidario, tanto cos demais como coa contorna. Será o teu mellor legado.

Feliz verán!

## **REinventar as túas vacacións de verán**

Published on Sogama (<http://www.sogama.gal>)

---

**Source URL:** <http://www.sogama.gal/gl/campanha/reinventar-t%C3%BAas-vacaci%C3%B3ns-de-ver%C3%A1n>